

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E OITO
DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASEIS: - - - - -**

PRESIDENTE:

D. Gonzalo Gonzalo Pita

CONCELLEIROS/AS:

- D^a Vanessa Rodríguez Búa**
- D. José Daniel Fernández Piñeiro**
- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez**
- D. David Otero Domínguez**
- D^a Sandra Fernández Agraso**
- D. Maximino González Miniño**
- D^a M^a del Coral González-Haba Pérez**
- D. Roberto Carlos Agís Balboa**
- D. Telmo Martín González**
- D. Juan Antonio Deza Otero**
- D^a M^a Paz Lago Martínez**
- D. Rafael Domínguez Piñeiro**
- D^a María Deza Martínez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D^a Silvia Freire Fernández**
- D. Alfonso Rea Pérez**

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

D. Angel Luis López Pita

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas do día vinte e oito de outubro de dous mil dezaseis, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. GONZALO GONZALO PITA,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA. O Sr. **Alcalde** sinalou que o carácter urxente da convocatoria debíase a que, coa nova lexislación, os sábados non eran días hábiles, estando os prazos xustos.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a ratificación da urxencia da convocatoria, sendo aprobada por unanimidade.-----

2º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA SOBRE IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA. O Sr. **Secretario** indicou, respecto da proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación na súa parte dispositiva, que na **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **26 de outubro de 2016**, non se ditaminou favorablemente.

“Establecer como tipo de gravame do imposto de bens inmobles de natureza urbana para o Concello de Sanxenxo, o 0,46 % quedando o artigo 4º da ordenanza municipal reguladora do imposto como segue:

“ARTIGO 4º

1. Ó amparo do disposto no artigo 74.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004 de 5 de marzo, recoñécese unha bonificación para aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de familia numerosa, segundo as seguintes regras:

1.1. Entenderase por familia numerosa a convivencia nun mesmo domicilio de cinco persoas, como mínimo, que manteñan entre elas unha situación de convivencia permanente rexistrada ós efectos no Padrón municipal de habitantes do concello, segundo os seguintes esquemas:

a. Entenderase incluídos na unidade familiar os contraentes de matrimonio e as persoas que de acordo ó disposto na normativa civil vixente no Estado teñan unha relación de convivencia de feito debidamente rexistrada ou recoñecida por proba de estado segundo as normas civís vixentes.

b. Entenderase incluídos os descendentes en liña recta dos mencionados no apartado 1.1.a, sen diferenza de grao e filiación, e neste último suposto con independencia de que a filiación sexa común ou referente a só un dos mencionados no apartado anterior. En todo caso os descendentes deberán ter unha idade inferior a 25 anos, ou se a superasen, amosar por calquera medio válido en dereito, que salvagarde o dereito á intimidade dos afectados que sofren calquera xénero de incapacidade permanente, enfermidade permanente ou situación de dependencia.

c. Entenderase incluídos os ascendentes dos mencionados no apartado 1.1.a. que teñan por razón da idade, enfermidade ou calquera outra causa unha situación de dependencia dos seus descendentes e que se poida amosar tal feito mediante documentos válidos en dereito que salvagarden o dereito a intimidade dos afectados. Non se terá en conta o grado.

Este apartado será extensible ás persoas que manteñan relación de convivencia efectiva cos mencionados no apartado 1.1.a. e que teñan unha relación familiar en liña colateral ou simplemente afectiva e se atopen en situación de enfermidade grave permanente ou situación de dependencia.

2.1 O nivel de bonificación será o seguinte, en función do nivel de renda do suxeito pasivo:

- a) Ata 12.000€ -----90% da cota tributaria.
- b) De 12.001€ a 20.000€-----80% da cota tributaria.
- c) De 20.001€ a 30.000€-----70% da cota tributaria.
- d) De 30.001€ en diante-----50% da cota tributaria.

O réxime de bonificacións poderá ser alterado para cada exercicio fiscal e de forma obrigatoria de advir unha nova ponencia de valores.

2.2 Normas de xestión:

- a) Deberase presenta-la solicitude dentro do primeiro trimestre de cada exercicio tributario ou fiscal.
- b) Deberase acompañar certificación de renda, sexa positiva ou negativa, de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade agás as percepcións de pensións por motivo de incapacidade e/ou dependencia.
- c) Deberase acompañar certificado do rexistro municipal do Padrón municipal de habitantes onde conste a situación de convivencia dos membros da unidade familiar na vivenda obxecto de bonificación que deberá ser de residencia habitual.
- d) A situación de dependencia efectiva á que se refire o apartado 1.1.c poderase acreditar por informe dos servizos sociais deste concello.
- e) A situación de convivencia de feito á que se refire o apartado 1.1.a poderase acreditar mediante certificado de rexistro público ou proba de estado que se poderá informar polos servizos sociais deste concello.
- f) Esta bonificación será incompatible coa establecida no artigo 74.3, no senso de que de ser coincidentes non se aplicará esta última”.

Na mesma sesión da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio**, o **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, fixo constar que, de conformidade co artigo 31.1 do Regulamento Orgánico Municipal, o **Grupo Municipal do Partido Popular** ía presentar, polo rexistro de entrada, un voto particular á modificación da Ordenanza sobre o Imposto de Bens Inmóbles.

O **Sr. Secretario** informou que o **Sr. Guisasola Padín** presentou, mediante escrito de data **26 de outubro de 2016, rexistrado de entrada no Concello de Sanxenxo o 27 de outubro de 2016 co número 11237**, un voto particular parcial á proposta da Alcaldía de modificación da Ordenanza sobre o Imposto de Bens Inmóbles, co texto que se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

“Á vista do informe da Intervención Xeral de data 20 de outubro de 2016, e da adenda de data 21 de outubro de 2016, emitida ao respecto, PROPONSE ao Pleno da Corporación a baixada do tipo de gravamen ao **0,44% (...)**”.

O **Sr. Guisasola Padín** indicou que en maio se aprobou unha moción na que pedían un informe para ver a posibilidade de reducir o IBI para o 2017, así como a aplicación de bonificacións, pasando dous meses sen que se emitise o informe solicitado e, no pleno de setembro, aprobouse outra moción na que solicitaban unha redución do 10% do tipo de gravame do IBI, ata o 0,43. Posteriormente o **Sr. Alcalde**, a principio do mes de outubro, instou ao servizo de Intervención á realización do informe, que se emitiu o 20 de outubro e no que se indicaba que se podía rebaixar ata o 0,44, por debaixo da proposta de redución do grupo de goberno, que é do 0,46. O interveniente sinalou que na proposta introdúcense bonificacións por tramos para familias numerosas, que xa estaban anteriormente previstas na lexislación, aínda que se exclúen outras, ao faltar un estudo detallado e rematou para manifestar que a redución proposta polo PP é coherente co que propoñían no seu programa electoral.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, dixo que o PP subiu o tipo ao 0,60, que moitos asuntos urbanísticos non son culpa do goberno municipal e que, tal e como piden os colectivos, a ponencia de valores ten que revisarse, medida incluída nunha moción súa que non foi aprobada no seu día. O interveniente manifestou que a Alcaldía non traballou neste tema ata o mes de setembro, sen diálogo, tan só unha reunión na comisión, tendo en conta que están en minoría, explicando que o goberno municipal propuxo o 0,46, pero o Interventor, no seu informe, sinalaba que podía baixarse ata o 0,435, valéndolle este informe. En canto ás bonificacións, só contéplase a de familia numerosa, especificando no seu informe o Interventor que, xuntando todas as bonificacións, a repercusión sería de 60.000,00 euros e que, aínda que o Plan de Axuste dí que se teñen que eliminar, se se poden aplicar con contrapartidas, para o que había que facer un traballo que non se realizou.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu á previsión que se debe ter ante o que puidese xurdir por cuestións urbanísticas, lembrando os mais de tres millóns de euros que os propietarios queren que se lles pague por unha expropiación. Polo que respecta as bonificacións, o interveniente dixo que, aínda que xa existían, non sen aplicaron e que a súa eliminación foi consecuencia do Plan de Axuste, aclarando que tiñan un impacto moi superior aos 60.000 euros citados polo anterior interveniente e explicando que se podían aplicar todas as bonificacións, pero entón había que eliminar servizos, preguntando cales suprimirían. O concelleiro no uso da palabra indicou que a situación actual é consecuencia da prolongada etapa anterior, que provocou débedas cos provedores e a aprobación dun Plan de Axuste e dunha revisión da ponencia de valores polo goberno municipal do PP, revisión que se fixo cando non había actividade urbanística, tocándolle ao goberno actual pagar a sentenzas urbanísticas, rematando para sinalar que o negocio que se montou trouxo estas consecuencias.

O **Sr. Guisasola Padín** comezou dicindo que o Plan de Axuste o pasou toda España, como consecuencia da crise que houbo cando gobernaba o PSOE, apoiado polo BNG e co citado Plan mantivéronse os servizos e mesmo se aumentaron cunha nova gardería, lembrando que xa o goberno anterior pagou sentenzas e devolveu o ICIO, porque se buscaron solucións mediante a xestión, indicándolle ao goberno que se fosen coherentes non baixarían unha décima o tipo do IBI, engadindo que na Comisión o **Sr. Alcalde** intentou negociar o tipo ao 0,45, especificando que unha décima supoñería sobre 130.000 euros. O interveniente proseguiu sinalando que non se fixo ningún estudo pormenorizado para aplicar as restantes bonificacións e que en ningún pleno subiu o IBI, foi por Real Decreto e, en cambio, se o baixaron no 2014 ao 0,48, redución á que os partidos do gobernon actual votaron negativamente. O concelleiro no uso da palabra aludiu a que no seu día houbo que facer a revisión, porque había unha situación tributaria inxusta que permitiu incorporar moitas unidades, xa que a hostalería case non tributaba. Finalmente o interveniente precisou que non había demagogía na súa proposta, posto que o propio Interventor sinalou no seu informe que no ano 2018 podía seguirse baixando o tipo e que o certo era que este imposto non subiu, senón que se fixo una revisión da ponencia de valores, amortiguada coa rebaixa do tipo de gravame.

O **Sr. Agís Balboa** sinalou, respecto do citado polo **Sr. Otero Domínguez** sobre o abono dunha expropiación, que podía facerse un plan de pagos, tal e como se realizou no caso de Monte Faro, indicándolle ao citado concelleiro que vivía no pasado. O interveniente aludiu a que se rebaixaba o IBI pola oposición, dicíndolle ao goberno que están en minoría e que se seguen así van moi mal, lembrando a falta de xestión en temas como o da Praza de Vilalonga, o da Praia da Carabuxeira, o Polígono de Nantes ou a Feria Multisectorial, indicando que sobraba prepotencia e faltaba humildade. O interveniente rematou para dicir que apoiaba a redución en base ao informe de Intervención, xa que se se pode baixar, débese facer e abogou porque entregasen con tempo a documentación para a Comisión.

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, especificou que o PP, en 16 anos de goberno, non se lle ocorreu baixar o IBI e agora o que pretenden e deixar ao goberno sen capacidade, lembrando que o tipo do IBI, no ano 1990, cando accedeu ao goberno o PP, era do 0,25 e o deixaron no 0,48, na época do **Sr. Martín González** na Alcaldía o tipo pasou do 0,25 ao 0,42 e na do **Sr. Guisasola Padín**, como Concelleiro de Facenda, o tipo pasou do 0,46 ao 0,48, polo que pide que non actúen con demagogia e se con responsabilidade.

O **Sr. Otero Domínguez** empezou reiterando o manifestado na súa anterior intervención sobre o impacto da baixada das bonificacións e, a continuación, explicou, respecto do sinalado polo **Sr. Guisasola Padín** sobre a subida do tipo do IBI, que no ano 2014 puideron baixalo ao tipo anterior ao da subida polo Estado, pero deixárono no 0,48, preguntando porque non o fixeron. O interveniente proseguíu dicindo sobre a revisión da ponencia realizada no goberno anterior, que o problema viña dos valores e da súa aceptación, posto que eran produto da época anterior a crise e se debeu revisar a ponencia antes de que se provocase esta situación.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, aclarou a **Sra. Rodríguez Búa** que logo de acceder á Alcaldía, houbo a obriga de subir o IBI e se puxo ao tipo mínimo permitido, polo que non subiu este imposto, engadindo que cando marchou, en decembro de 2006, o tipo estaba por baixo do 0,43.

A **Sra. Rodríguez Búa** precisou que os datos eran obxectivos, no ano 1999, o tipo de gravame do IBI era o 0,25 e no ano 2006, cando deixou a Alcaldía o anterior interveniente, era o 0,42, o que supoñía un incremento do 0,44%.

O **Sr. Martín González** indicou que había que especificar de cando era a anterior ponencia de valores.

O **Sr. Alcalde** destacou que o mais bonito para un goberno era rebaixar impostos e que agora se trataba de baixar dúas décimas ou catro, polo que se buscou un consenso en comisión para o 0,45, algo que nunca existiu cando estivo na oposición. O interveniente lembrou que esta rebaixa supón sobre 270.000 euros e quedan asuntos urbanísticos pendentes de moita importancia, como o da expropiación ou o do SU 14 en Monte Faro, que poden alcanzar os 8 millóns de euros e se posteriormente se ten que subir o culpable será o PP e o **Sr. Agís Balboa**, finalizando a súa intervención para manifestar que se mantiñan na súa proposta.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación o voto particular parcial á proposta da Alcaldía de modificación da Ordenanza sobre o Imposto de Bens Inmóveis, presentado polo **Sr. Guisasola Padín**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **o voto particular parcial resultou aprobado pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.**

O **Sr. Otero Domínguez** anunciou que o voto particular aprobado corrixe a proposta do grupo goberno, aínda que se mantén o que respecta ás bonificacións, o que determina o voto do goberno municipal

O **Sr. Agís Balboa** indicou que o acordo era beneficioso.

A continuación o **Sr. Presidente** someteu a votación a proposta da Alcaldía de modificación da Ordenanza sobre o Imposto de Bens Inmóbles, co voto particular parcial aprobado neste punto da orde do día incorporado á citada proposta, alcanzándose o seguinte resultado

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“Establecer como tipo de gravame do imposto de bens inmóbles de natureza urbana para o Concello de Sanxenxo, o 0,44 % quedando o artigo 4º da ordenanza municipal reguladora do imposto como segue:

“ARTIGO 4º

1. Ó amparo do disposto no artigo 74.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004 de 5 de marzo, recoñécese unha bonificación para aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de familia numerosa, segundo as seguintes regras:

1.1. Entenderase por familia numerosa a convivencia nun mesmo domicilio de cinco persoas, como mínimo, que manteñan entre elas unha situación de convivencia permanente rexistrada ós efectos no Padrón municipal de habitantes do concello, segundo os seguintes esquemas:

a. Entenderase incluídos na unidade familiar os contraentes de matrimonio e as persoas que de acordo ó disposto na normativa civil vixente no Estado teñan unha relación de convivencia de feito debidamente rexistrada ou recoñecida por proba de estado segundo as normas civís vixentes.

b. Entenderase incluídos os descendentes en liña recta dos mencionados no apartado 1.1.a, sen diferenza de grao e filiación, e neste último suposto con independencia de que a filiación sexa común ou referente a só un dos mencionados no apartado anterior. En todo caso os descendentes deberán ter unha idade inferior a 25 anos, ou se a superasen, amosar por calquera medio válido en dereito, que salvagarde o dereito á intimidade dos afectados que sofren calquera xénero de incapacidade permanente, enfermidade permanente ou situación de dependencia.

c. Entenderase incluídos os ascendentes dos mencionados no apartado 1.1.a. que teñan por razón da idade, enfermidade ou calquera outra causa unha situación de dependencia dos seus descendentes e que se poida amosar tal feito mediante documentos válidos en dereito que salvagarden o dereito a intimidade dos afectados. Non se terá en conta o grado.

Este apartado será extensible ás persoas que manteñan relación de convivencia efectiva cos mencionados no apartado 1.1.a. e que teñan unha relación familiar en liña colateral ou simplemente afectiva e se atopen en situación de enfermidade grave permanente ou situación de dependencia.

2.1 O nivel de bonificación será o seguinte, en función do nivel de renda do suxeito pasivo:

- a) Ata 12.000€ -----90% da cota tributaria.
- b) De 12.001€ a 20.000€-----80% da cota tributaria.
- c) De 20.001€ a 30.000€-----70% da cota tributaria.
- d) De 30.001€ en diante-----50% da cota tributaria.

O réxime de bonificacións poderá ser alterado para cada exercicio fiscal e de forma obrigatoria de advir unha nova ponencia de valores.

2.2 Normas de xestión:

- a) Deberase presenta-la solicitude dentro do primeiro trimestre de cada exercicio tributario ou fiscal.
- b) Deberase acompañar certificación de renda, sexa positiva ou negativa, de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade agás as percepcións de pensións por motivo de incapacidade e/ou dependencia.
- c) Deberase acompañar certificado do rexistro municipal do Padrón municipal de habitantes onde conste a situación de convivencia dos membros da unidade familiar na vivenda obxecto de bonificación que deberá ser de residencia habitual.
- d) A situación de dependencia efectiva á que se refire o apartado 1.1.c poderase acreditar por informe dos servizos sociais deste concello.
- e) A situación de convivencia de feito á que se refire o apartado 1.1.a poderase acreditar mediante certificado de rexistro público ou proba de estado que se poderá informar polos servizos sociais deste concello.
- f) Esta bonificación será incompatible coa establecida no artigo 74.3, no senso de que de ser coincidentes non se aplicará esta última”-----

3º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 26 de outubro de 2016 sobre esta proposta.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, aludiu a que rectificar é de sabios, xa que a proposta contemplaba unha subida desproporcionada para os excesos, pasando do 0,46 ao 0,58, ao 0,63 e mesmo ao 0,83, explicando que xa na comisión pediu que se fixese unha comprobación por se existía erro aritmético. Producida a rectificación ían votar a favor da proposta, cambiando o voto en contra da comisión.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, dixo que lle parecía ben a rectificación e que votaría a favor da proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que a proposta incluía, para os excesos, unha diferenciación en función do número de persoas empadroadas nas vivendas, que o IPC referenciouse ao período de xullo de 2015 ao de 2016 e que se introduxo o 0,0207 polos custos de Acuaes, engadindo que todos os anos a proposta a planteaba a concesionaria, porque manexa os datos e que, ao detectarse un erro aritmético, realizáronse as correccións oportunas e que isto, xunto coas controversias existentes e coñecidas coa concesionaria, provocará cambios para os vindeiros anos.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“**PRIMEIRO:** Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Primeiro. Tarifa.

ABOADOS DOMÉSTICOS:

Mínimo: 30 m ³ /trimestre.....	0,4262 euros/m ³
1º bloque máis de 30 a 60 m ³ /trimestre	0,4784 euros/m ³
2º bloque máis de 60 a 120 m ³ /trimestre	0,4789 euros/m ³
3º bloque máis de 120 m ³ /trimestre	0,4803 euros/m ³

ABOADOS DOMÉSTICOS CON 5 OU MÁIS PERSOAS EMPADRONADAS

Mínimo: 30 m ³ /trimestre.....	0,4262 euros/m ³
1º bloque máis de 30 a 60 m ³ /trimestre	0,4262 euros/m ³
2º bloque máis de 60 a 120 m ³ /trimestre	0,4784 euros/m ³
3º bloque máis de 120 m ³ /trimestre	0,4789 euros/m ³

ABOADOS COMERCIAIS:

Mínimo: 30 m ³ /trimestre.....	0,4262 euros/m ³
1º bloque máis de 30 a 60 m ³ /trimestre	0,4784 euros/m ³
2º bloque máis de 60 a 120 m ³ /trimestre	0,4789 euros/m ³
3º bloque máis de 120 m ³ /trimestre	0,4803 euros/m ³

ABOADOS INDUSTRIAIS:

Mínimo: 75 m ³ /trimestre.....	0,4784 euros/m ³
Excesos.....	0,6085 euros/m ³

OBRAS:

Mínimo: 120 m ³ /trimestre.....	0,6085 euros/m ³
Excesos.....	0,7790 euros/m ³

As tarifas incrementarase co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

ALTAS DE CONTRATO

En concepto de dereitos, ao facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establécese o prezo de 102,34 euros.

FIANZAS

Nos contratos de subministros para obras e baixos ou industrias de tempada é preciso depositar polo interesado unha fianza de 164,86 euros. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan abonados os recibos pendentes.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.17”-----

4º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 26 de outubro de 2016 sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

As tarifas serían as seguintes:

1. Vivendas de carácter unifamiliar 15,032 euros/ano
2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación 3,775 euros/ano
3. Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros 1.252,085 euros/ano
4. Os colexios privados por cada alumno matriculado 0,212 euros/ano
5. Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído noutros apartados 18,060 euros/ano
6. Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no segundo apartado 50,104 euros/ano

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ao público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

7. Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo e talleres mecánicos 120,245 euros/ano
8. Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas dunha cota única de 102,34 euros, non variando o seu importe.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.17”-----

5º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **26 de outubro de 2016** sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Facturación por metros cúbicos consumidos e cota fixa mensual

a) Aboados con contador e servizo de abastecemento de auga.

Cota fixa mensual

- Uso doméstico	2,928 euros/mes
- Uso comercial.....	2,928 euros/mes
- Uso industrial hostalería, obras e outros	5,023 euros/mes

Por consumo (por cada m³ rexistrado no contador do aboado)

- Uso doméstico	0,187 euros/m ³
- Uso comercial.....	0,187 euros/m ³
- Uso industrial hostalería, obras e outros	0,187 euros/m ³

b) Abonados sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga.

- Uso doméstico	15,940 euros/trim.
- Uso comercial.....	15,940 euros/trim.
- Uso industrial hostalería, obras e outros	45,604 euros/trim.

c) Aboados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento.

Aqueles aboados/industrias que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán, ó seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual..... 5,023 euros/mes

Cada m³ vertido (medido ou aforado) 0,187 euros/m³

As tarifas indicadas incrementaranse co I.V.E. correspondente a cada exercicio .

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.17”-----

6º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO O.A. TERRA DE SANXENXO. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **26 de outubro de 2016** sobre esta proposta.

O Sr. **Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, anunciou que lle parecía ben esta modificación para situacións como cando non se daban clases por baixas do profesorado, sendo unha cuestión que xa viu cando era Concelleiro de Cultura e, nese sentido, xa tiña falado co Interventor.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Engadir no cadro de tarifas o seguinte texto:

“En caso de que o O.A. Terra de Sanxenxo, por causas imputables á propia administración, non imparta o total das horas lectivas establecidas para cada unha das escolas municipais (deportivas, música, centro de arte e ludoteca) deberá reducirse a taxa mensual na mesma porcentaxe, de días, horas ou materias que se deixen de impartir.

Non se terán en conta, a estes efectos, os períodos de vacacións (Nadal, entroido e Semana santa) nin os días non lectivos establecidos segundo o calendario escolar. Estas reducións aplicaranse coa vixencia desta modificación da ordenanza”.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.17”-----

7º) PROPOSICIÓN DE ACORDO DE IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO SERVIZO PÚBLICO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **26 de outubro de 2016** sobre esta proposta.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, explicou que este servizo procede dun convenio asinado coa Deputación no ano 2013, poñendo o ente provincial o 33% e o concello e o usuario o restante, sen que o usuario poida exceder do 33%, figurando na ordenanza a redución do custe ao 10% para o maior que viva só ou cunha renda determinada da unidade convivencia, engadindo que como non existía esta ordenanza fiscal, non se podían contemplar estas situacións.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, lembrou que este servizo viña do ano 2013.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“**PRIMEIRO:** Acordar a imposición e ordenación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de teleasistencia domiciliario do Concello de Sanxenxo, cos seguintes artigos:

ARTIGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 15 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a presente taxa pola prestación do Servizo de Teleasistencia domiciliaria, que se rexerá polas Normas da presente Ordenanza Fiscal.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra)

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da presente Ordenanza a prestación de servizos sociais comunitarios de carácter asistencial e preventivo na prestación do Servizo de Teleasistencia domiciliaria en Sanxenxo (Pontevedra), tendente a mellorar as condicións de vida daquelas persoas que, pola súa avanzada idade, discapacidade, illamento social,... lles supoña un apoio co fin de favorecer a súa permanencia no contorno habitual.

ARTIGO 3. – SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados ao pago ou son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que utilicen o servizo de Teleasistencia domiciliaria.

Deben excluírse como usuarios as persoas con enfermidades mentais graves, incluídas demencias, dado que o manexo do sistema require un certo nivel de comprensión e discernimento.

Doutra banda, dado que o sistema posibilita a atención en base principalmente á comunicación verbal usuario-centro de atención, deben excluírse tamén ás persoas con notorias deficiencias auditivas e/ou de expresión oral.

ARTIGO 4. – RESPONSABLES

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou Entidades, considerándose a estes efectos como debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. – CONDICIÓN DE BENEFICIARIO

1.- Poden ser usuarios do Servizo de Teleasistencia todas aquelas persoas que, pola súa avanzada idade, discapacidade, illamento social,... lles supoña un apoio co fin de favorecer a súa permanencia no contorno habitual.

2.- Poderán gozar da condición de usuarios do Servizo de Teleasistencia todas aquelas persoas que, á data de entrada en vigor da presente Ordenanza, se atopen recibindo o servizo, e que non manifestasen a súa negativa expresa a seguir recibíndoo.

3.- Será indispensable para obter a condición de usuario do Servizo de Teleasistencia domiciliaria, estar empadroadado neste Municipio.

4.- A condición de beneficiario non se entenderá nunca como un dereito permanente, senón que sufrirá modificación ou se perderá en función da variación das causas que motivaron a súa concesión.

ARTIGO 6. – PERDA DA CONDICION DE USUARIO

A condición de usuario do Servizo de Teleasistencia domiciliaria poderá perderse por calquera das seguintes causas:

- a) Por renuncia expresa do usuario.
- b) Por falta de pagamento reiterado da taxa.
- c) Por falecemento ou cambio de domicilio fora do Municipio do usuario.
- d) Por decisión do Concello, en base aos informes dos servizos sociais comunitarios, ao non cumprirse as condicións polas que o servizo foi concedido.
- e) Por incumprimento das súas obrigas como usuarios.

ARTIGO 7. – SEGUIMIENTO, REGULARIZACIÓN E VALIACIÓN

Os servizos sociais comunitarios serán os competentes no seguimento, regulación e avaliación do Servizo de Teleasistencia domiciliaria, podendo propor a inclusión ou exclusión de usuarios.

En tanto o Concello de Sanxenxo estea adherido ao Convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para a coordinar o cofinanciamento e desenvolvemento do Programa de Teleasistencia Domiciliaria, asumirá as cláusulas nel designadas e comprométese ao seu cumprimento.

Todas as reclamacións, queixas ou suxestións sobre o funcionamento do Servizo de Teleasistencia deberán canalizarse a través do servizos sociais comunitarios do Concello.

Así mesmo, anualmente dende os Servizos Sociais Comunitarios realizarase un Informe de seguimento e avaliación do servizo.

ARTIGO 8. – EXENCIONES E BONIFICACIONES

Conforme ao artigo 9.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 9. – COTA TRIBUTARIA E TARIFAS

O prezo unitario do servizo de Teleasistencia domiciliaria por usuario e mes será o establecido anualmente, para cada unha das modalidades de usuario, polo Convenio asinado entre a Deputación de Pontevedra e o Concello para coordinar o cofinanciamento e desenvolvemento do programa de teleasistencia domiciliaria.

A persoas usuarias do servizo de teleasistencia domiciliaria pagará o 33% do custe do servizo, porcentaxe máximo que lle correspondería asumir tal e como se establece no convenio de colaboración asinado entre este Concello e a Deputación de Pontevedra.

No caso de usuarios que vivan sos ou en unidades de convivencia cuns ingresos que non excedan o 105% do IPREM, contribuirán ao custe do servizo cun 10 % do 33% establecido.

ARTIGO 10. – DEREITO Á PERCEPCIÓN

A obriga de pagar a taxa nace desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, coa instalación da unidade portátil que deberá levar permanentemente encima o usuario do servizo.

ARTIGO 11. XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

As cantidades adebedadas en concepto de teleasistencia domiciliaria esixiranse trimestralmente mediante a elaboración do correspondente Padrón aprobado mediante Resolución de Alcaldía.

O pagamento efectuarase mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante e/ ou usuario do servizo por escrito no momento da concesión.

Procederá a devolución das taxas cando non se preste o Servizo de Teleasistencia domiciliaria por causas non imputables ao suxeito pasivo.

ARTIGO 12. – INFRACCIÓNS E SANCIO NS TRIBUTARIAS

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

En todo o non previsto na presente Ordenanza, estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.17”.

8º) PROPOSICIÓN SOBRE A ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **26 de outubro de 2016** sobre esta proposta.

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, mostrou o seu acordo coa proposta.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que con esta nova ordenanza actualízase a existente, incorporando o pacto de mellora e establecendo bonificacións en función da renda.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. **Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“**PRIMEIRO:** Derrogar a ordenanza fiscal reguladora do I.IV.T.N.U. vixente desde o ano 2012.

SEGUNDO: Acordar a imposición e ordenación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, co seguinte texto:

“PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a nova ordenanza do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se rexerá polo disposto na devandita lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 1.- FEITO IMPONIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, o incremento do valor que experimenten, no termo municipal de Sanxenxo, os terreos que deban ter a consideración de urbanos e os terreos integrados nos bens inmoables clasificados como de características especiais para os efectos do Imposto sobre Bens Inmoables, e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade deles por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos, sexan entre vivos (inter vivos) ou por causa de morte (mortis causa), onerosas ou lucrativas.

Terán a consideración de terreos de natureza urbana e de características especiais os así cualificados polos artigos 7.2 e 8 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Non será preciso para a esixencia do imposto que os citados terreos estean contemplados como tales no Catastro ou Padrón do Imposto sobre Bens Inmoables.

ARTIGO 2.- NON SUXEICIÓN.

1.- Non están suxeitos a este imposto:

a) O incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmoables.

b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal; as adjudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen, e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns.

c) As transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos seus fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

d) As achegas ou transmisións de bens inmobles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle transferisen, de acordo co establecido no artigo 48 do Real Decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.

Non se producirá a remuneración do imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., a entidades participadas directa ou indirectamente pola devandita Sociedade en polo menos o 50 por cento do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia desta.

Non se percibirá o imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro.

Non se percibirá o imposto polas achegas ou transmisións que se produzan entre os citados Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no apartado 10 da devandita disposición adicional décima.

ARTIGO 3. EXENCIONES

1.- Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos seguintes actos:

a) A constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.

b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico- Artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos devanditos inmobles nos tres anos inmediatamente anteriores ao devengo do imposto.

Para poder gozar desta exención, os suxeitos pasivos deberán solicitala de forma expresa no prazo de declaración do imposto, acreditando, mediante facturas ou certificacións de obra, un desembolso efectivo que iguale ou supere o valor catastral asignado ó inmovible no momento de devengo do imposto, indicando a data de concesión da licenza municipal, que marcará o inicio do prazo de tres anos ao que se refire o parágrafo anterior. Para estes efectos, non se incluírán no cómputo do importe as obras de ornato e limpeza.

O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Sanxenxo respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará a declaración respecto de ter realizado ao seu cargo as obras. As transmisións. a título lucrativo por herdanza, quedan polo tanto excluídas, salvo que o herdeiro xustifique que as obras se fixeran ao seu cargo.

Achegarán, ademais a seguinte documentación:

- Licenza municipal ou orde de execución.
- Copia de autoliquidación de Taxas de obra.
- Copia de autoliquidación do ICIO.
- Orzamento de execución material.
- Certificado de final de obra.

c) As transmisións realizadas con ocasión da dación en pagamento da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante deste, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre esta, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de xeito profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Non resultará de aplicación esta exención cando o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar dispoña doutros bens ou dereitos en contía abondo para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria e evitar a alienación da vivenda.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que haxa figurado empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou dende o momento da adquisición se o devandito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto n Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e a modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes, e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.

A concorrencia dos requisitos previstos anteriormente acreditarase polo transmítente ante a Administración tributaria municipal

2.- Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a condición do suxeito pasivo recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais, ás que pertence o municipio X, así como os Organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e de ditas Entidades locais.

b) O Concello de Sanxenxo e demais entidades locais integradas ou nas que se integre este, así como súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter ós organismos autónomos do Estado.

c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou de beneficio docentes.

d) As Entidades Xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión social reguladas polo Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados aprobado polo RDL 6/2004 de 29 de outubro.

e) Os titulares de concesións administrativas reversibles respecto dos terreos afectos a elas

f) A Cruz Vermella Española.

g) As persoas ou entidades a favor das cales se recoñece a exención en tratados ou convenios internacionais.

h) As entidades sen fins lucrativos e aquelas outras entidades recollidas na Lei 49/2002, de 23 de decembro, nos supostos e cos requisitos que a citada lei e o regulamento para a aplicación do réxime fiscal das mencionadas entidades aprobado por Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, establecen.

ARTIGO 4.- BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS

1.-Gozarán dunha bonificación do ata o 95% na cota integra os suxeitos pasivos deste imposto cando o feito imponible consista na transmisión de dominio, constitución ou transmisión de calquera dereito reais de goce limitativos do dominio, por causa de morte en relación á vivenda habitual causante a favor do seu cónxuxe, descendentes e ascendentes en liña recta, por natureza ou adopción segundo a seguinte escala:

-Rendas anuais de ata 12.000 € do suxeito pasivo, 95 % da cota.

-Rendas anuais de 12.001 a 20.000 € do suxeito pasivo, 80 % da cota.

-Rendas anuais de 20.001 a 30.000 € do suxeito pasivo, 70 % da cota.

-Rendas anuais de 30.001 en diante, 50% da cota.

Para acreditar os ingresos presentárase a derradeira declaración de IRPF presentado ou certificación da Axencia Tributaria de non teren obriga de presentala. En caso de declaración conxunta computáranse só os ingresos do suxeito pasivo.

No caso de non acreditarse os ingresos anuais, aplicárase a bonificación do 50% da cota.

Para o disfrute deste beneficio fiscal será imprescindible a acreditación da condición de vivenda habitual do causante no momento do seu falecemento mediante certificado de empadramento expedido polo Concello. O ben inmovible debe ser a vivenda habitual do causante durante tres anos antes, polo menos, do falecemento..

Para os efectos do goce da bonificación, equipárase ao cónxuxe a quen convivise co causante con análoga relación de afectividade e se o acredite mediante certificado de inscrición no rexistro de unións de parellas de feito expedido ao efecto.

2.- Cando as transmisión de terreos ou constitución de dereitos reais de goce limitativos de dominio feitos a título lucrativo, por morte a favor de cónxuxe, descendentes e ascendentes en liña recta, por natureza ou adopción, non sexan da vivenda habitual, estas terán unha bonificación da cota do importe de ata un 50%, segundo a seguinte escala:

-Rendas anuais de ata 12.000 € do suxeito pasivo, 50 % da cota.

-Rendas anuais de 12.001 a 20.000 € do suxeito pasivo, 40 % da cota.

-Rendas anuais de 20.001 a 30.000 € do suxeito pasivo, 30 % da cota.

-Rendas anuais de 30.001 en diante, 20% da cota.

Para acreditar os ingresos presentarase a derradeira declaración de IRPF presentado ou certificación da Axencia Tributaria de non teren obriga de presentala. En caso de declaración conxunta computaranse só os ingresos do suxeito pasivo.

No caso de non acreditarse os ingresos anuais, aplicarse a bonificación do 20% da cota

3. As bonificacións dos dous parágrafos anteriores serán aplicables, en idénticas porcentaxes, aos pactos de mellora e ás apartacións, para as mesmos suxeitos e polos mesmos bens considerándose tamén que para a bonificación da vivenda habitual será necesario que esta sexa a do mellorante ou apartante durante tres anos antes, polo menos, da data do pacto de mellora ou da apartación.

ARTIGO 5. SUXEITOS PASIVOS.

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica ou entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria que adquira o terreo ou a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, a persoa física ou xurídica ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que transmita o terreo ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) anterior, se o contribuínte é persoa física non residente en España, terá a consideración de substituto do contribuínte a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que adquira o terreo ou a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate, sen prexuízo da facultade do substituto de repercutir a cota tributaria ó trasmitente

Considerarase que o contribuínte é persoa non residente en España, cando ou ben se manifesta expresamente no documento que consta no acto o contrato presentado a liquidación ou ben se deduce porque o domicilio declarado é no estranxeiro.

3.- Responderán solidariamente ou de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades as que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, respectivamente.

ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto estará constituída polo incremento real de valor dos terreos de natureza urbana, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.

A efectos da determinación da base imponible, deberá terse en conta o valor do terreo no momento do devengo, de acordo o previsto nos apartados 2 e 3 deste artigo, e o porcentaxe que corresponda en función do previsto no apartado 4.

2.- Entenderase por valor do terreo no momento do devengo:

a) Nas transmisión de terreos, o que teñan determinado en dito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexa modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, liquidarase provisionalmente este imposto con arranxo o mesmo. Neste caso, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obtivese conforme ós procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido a data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxanse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas leis de Presupostos Xerais do Estado

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóvil de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o Concello practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referido dito valor o momento do devengo.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, será a parte do valor definido no apartado a) que resulte de aplicar as seguintes regras:

1ª. No caso de constituírse un dereito de usufruto temporal, o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo sen que poida exceder do 70% de dito valor catastral.

2ª. Se o usufruto fose vitalicio, o seu valor, no caso de que o usufrutuário tivese menos de vinte anos, será equivalente ao 70% do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1% por cada ano que exceda desta idade ao límite mínimo do 10% do valor catastral.

Se o dereito de usufruto vitalicio constitúese simultánea e sucesivamente en favor de dous ou máis usufrutuários, a porcentaxe estimarase tendo en conta unicamente o usufrutuário de menor idade.

No caso de dous ou máis usufrutos vitalicios sucesivos, a porcentaxe aplicable a cada un deles estimarase tendo en conta a idade do respectivo usufrutuário; correspondendo aplicar nestes casos, á núa propiedade cando cumpra, a porcentaxe residual de menor valor.

3ª. Se o usufruto se establece a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria e o seu valor equivalerá ao 100% do valor catastral do terreo usufrutuado.

4ª. Cando se transmita un dereito de usufruto xa existente, as porcentaxes expresadas nos epígrafes b.1, b.2 e b.3 aplicaranse sobre o valor catastral do terreo no momento da transmisión.

5ª. Cando se transmita o dereito dunha propiedade, o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufruto, calculado segundo as regras anteriores.

6ª. O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ao 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constitúan tales dereitos as regras correspondentes á valoración dos usufrutos temporais ou vitalicios segundo os casos.

c) Na constitución ou transmisións do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto do valor total do terreo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o valor que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a superficie total ou volume edificadas unha vez construída aquela.

d) Na constitución ou transmisión de calquera outros dereitos reais de goce limitativos do dominio distintos dos enumerados neste artigo:

1) O resultado de capitalizar ao interese básico do Banco de España a súa renda ou pensión anual.

2) O prezo pactado na constitución se fose maior.

e) Nos supostos de expropiación forzosa, a parte ou proporción de prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, agás que o valor catastral fose inferior, en que prevalecerá este último.

f) Nas transmisións de pisos ou locais en réxime de propiedade horizontal, o valor do terreo será o específico do solo que cada predio tivese fixado no Imposto sobre Bens Inmóveis e, se non o tivese aínda establecido, estimarase en función da cota de copropiedade que teña atribuído o predio alleado.

3. Sobre o valor do terreo no momento do devengo, derivado do disposto nos apartados 2 e 3 anteriores, aplicarase a seguinte porcentaxe anual:

a) Período de 1 ata 5 anos: 3,70 %

b) Período de 6 ata 10 anos: 3,10 %

c) Período de 11 ata 15 anos: 2,80%

d) Período de 16 ata 20 anos (ou máis): 2,50 %

Entenderase, a efectos deste imposto, por período de xeración o número de anos completos transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo ou da constitución ou transmisión dun dereito real de goce limitativo de dominio e a data na que se adquire a obriga de contribución (devengo), sen que se teñan en consideración as fraccións de ano. En ningún caso o período de xeración poderá ser inferior a un ano.

ARTIGO 7. COTA

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible, o tipo de gravame do 26%.

2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as bonificacións previstas no artigo 4 da presente ordenanza

ARTIGO 8. DEVENGO

1. O imposto devengarase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme que tivese lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle tivese producido efectos lucrativos e reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producise efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha.

3. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das parte contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase o pacto en acto de conciliación e a simple conformidade coa demanda.

4. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme, ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto, a reserva, cando a condición se cumpra, de face-la oportuna devolución segundo o apartado 3 anterior.

ARTIGO 9. XESTIÓN.

1. Son competencia exclusiva do Concello, as facultades de xestión, liquidación, inspección, recadación e sanción, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto.

2. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar no Concello unha declaración, segundo o modelo determinado por este, do que se proverán no Rexistro Xeral, que conterá os elementos da relación tributaria imprescindíbeis para a cuantificación da débeda. Nas dependencias municipais encargadas da xestión deste imposto prestaráselles aos administrados o asesoramento necesario para cubrir adecuadamente os citados modelos.

3.- Á declaración acompañaranse os documentos nos que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición, así como tamén os xustificantes dos elementos tributarios necesarios para practicar a liquidación correspondente e os que acrediten as exencións e bonificacións que o suxeito pasivo solicítase, os cales virán especificados no modelo de declaración do imposto e, en todo caso, incluírán os que de seguido se detallan:

- Copia do NIF/CIF dos suxeitos intervinientes.
- Copia do/os recibo/s do Imposto sobre Bens Inmóbles, ou no seu defecto, a referencia catastral dos bens inmóbles.

No caso de que o declarante actúe como representante do obrigado a declarar, acompañarase documento acreditativo da representación.

a) Se fora por transmisión “mortis causa”, será necesario:

- Copia do inventario liquidado de bens inmobles propiedade do causante, ou copia da declaración presentada a efectos da liquidación do Imposto sobre Sucesión e Doazóns (modelo 650 ou o que lle substitúa).
- Copia do certificado do Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade.
- Copia do último testamento, ou no seu defecto declaración de herdeiros.
- Copia do título de adquisición dos bens inmobles incluídos na sucesión

Cando a declaración vaia acompañada de escritura pública de aceptación e adxudicación da herdanza, bastará con aportar copia de dita escritura.

b) Se fora por pacto de mellora ou por apartación:

- Copia simple da escritura pública formalizada ante o notario que conteña a transmisión a declarar ou, no seu defecto, copia da documentación acreditativa da operación xurídica realizada debidamente liquidada, xunto coa copia do título de adquisición dos bens inmobles.

c) Se fora por transmisión “inter vivos” deberá aportar

- Copia simple da escritura pública formalizada ante o notario que conteña a transmisión a declarar ou, no seu defecto, copia da documentación acreditativa da operación xurídica realizada debidamente liquidada, xunto coa copia do título de adquisición dos bens inmobles.

4.- A devandita declaración deberá ser presentada nos seguintes prazos, que se contarán desde a data na que se produza o devengo do imposto:

a) Cando se trate de actos "inter vivos", o prazo será de trinta días hábiles.

b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogábeis ata un ano se o solicita o suxeito pasivo.

c) Cando se trate de pacto de mellora ou apartación o prazo será de seis meses.

5.- Unha vez presentada a declaración tributaria polo obrigado tributario, expedirase a correspondente liquidación que será notificada ao domicilio do suxeito pasivo, con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

ARTIGO 10. OBRIGA DE COLABORACIÓN.

Con independencia do disposto no artigo anterior e do establecido no art. 8 do Real decreto lexislativo 2/2004 e no art. 93 da Lei Xeral Tributaria, están igualmente obrigados a comunicarlle ao Concello a realización do feito imponible nos mesmos prazos cós suxeitos pasivos:

a) Nas transmisións e nas constituicións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo entre vivos, o doador ou quen constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións e nas constituicións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito de que se trate.

Á devandita comunicación acompañarase copia do documento notarial, xudicial ou administrativo en que conste o acto, feito ou contrato que orixina a imposición.

2. Así mesmo, os notarios estarán obrigados a remitir ao Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito impositivo deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir dentro do mesmo prazo, una relación de documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles fosen presentados para coñecementos ou lexitimación de sinaturas.

ARTIGO 11.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN.

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas outras leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 12. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sanciónns que por elas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas demais disposicións sobre a materia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para todo o non especialmente previsto nesta ordenanza aplicaranse os preceptos concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, da Lei xeral Tributaria e da Lexislación Urbanística sobre a Cualificación dos Terreos,

As modificacións producidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou calquera outra norma de rango legal que afecte a calquera elemento do presente imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza”.

TERCEIRO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

CUARTO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

QUINTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.17”.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 24/10/16 DE MODIFICACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS. O Sr. Secretario dá lectura á resolución da alcaldía do 24 de outubro de 2016 que a continuación se transcribe literalmente literalmente:

“Con motivo da entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o pasado día 2 de outubro de 2016, é necesaria a modificación da resolución desta alcaldía do 7 de xullo de 2015 no referente aos días de celebración das sesións ordinarias das comisións informativas.

Por elo, esta alcaldía en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente **resolve:**

PRIMEIRO: as sesións ordinarias das comisións informativas do concello realizaranse os **mércores** inmediatamente anteriores aos luns nos que se realicen as sesións ordinarias do pleno co seguinte horario:

- **Comisión de Urbanismo ás 10 horas e 30 minutos.**
- **Comisión de Asuntos Xerais ás 11 horas.**
- **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio ás 11 horas e 30 minutos.**

No caso da existencia de un ou varios días festivos no período comprendido entre o propio día de realización das comisións e o inmediatamente hábil anterior ao da data de realización da sesión ordinaria do pleno, a data de realización das comisións informativas, co mesmo horario antes transcrito, adiantarase tantos días como festivos existan nese período a efectos de manter dous días hábiles intermedios entre a data de realización das comisións e a do pleno.

No suposto de modificación da data de realización das sesións ordinarias do pleno as comisións, co mesmo horario antes transcrito, realizarán as sesións ordinarias na última data que permita manter dous días hábiles intermedios entre a data de realización das comisións e a do pleno, agás que o día resultante deste cómputo sexa sábado, caso no que se adianta a data de realización das comisións ao venres.

SEGUNDO: dese conta desta resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que realice.”

A corporación deuse por enterada.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. **Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as dez horas e trinta minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**